



Unidade didáctica

Poesía para respirar

O poema, o corpo e a voz

Lara Rozados



CONCELLO DE
SANTIAGO

Sobre a poesía como función da linguaxe, en que o que importa é o xeito de dicir: “partindo desta base jakobsoniana, a poesía está por todas partes. Nin sequera é exclusiva da comunicación humana, é inevitable”.

ELÍAS PORTELA

“O uso total da palabra para todos” parece un bo lema, un fermoso son democrático. Non para que todos sexan artistas, senón para que ninguén sexa escravo”.

GIANNI RODARI

“E con todo, probablemente a poesía require menos instrución previa que calquera outra práctica artística. Cando menos se é certo, como sostiña Joan Brossa, que os verdadeiros poemas están fóra dos libros de poemas. E con isto o autor non se refería (ou non só) á vida escénica da lírica, en formas tan habituais hoxe en día como a lectura pública, a performance ou os videopoemas. Só chamaba a atención sobre o feito de que vivir poeticamente é un estilo á medida de calquera. Que nunha conversa, nunha discusión, nun pesadelo, nun paseo polo río ou en dous corpos enlazados podemos aprender todo o que hai que saber sobre a poesía”.

MARÍA DO CEBREIRO

Faremos música do teu vocerío.
Eiquí estamos coa túa lingoaxe vulgar.
Nomearás calquera cousa
–árbol, cabalo, pedra...–
e veralos nacer coa súa vida máis íntima,
cos seus contornos máis puros.
Olla esa formiga,
ise argueiro mouro...
¿Qué delicados dedos de alfareiro
puideron modelar tan pequechiño corazón,
que latexa agora baixo dos altos árboles?
¿Non te decatás de que se movéu o silencio?

LUÍS PIMENTEL

INTRODUCCIÓN



Corte de trobeiros de Alfonso X O Sabio

Na presente Unidade Didáctica celebraremos a Poesía, nas datas arredor do seu **Día Mundial, o 21 de marzo**, en toda a súa potencia: no seu sentido etimolóxico, índolle á raíz –o substantivo grego ποιησις ‘acción, creación’–. A poesía como arte de acción, mobilizadora, transformadora, poderosa, en diálogo coas artes e co coñecemento, cos teatros, cos bares e coa rúa, coa música, coa performance, co papel impreso e coa oralidade. O 21 de marzo foi escollido como Día Mundial da Poesía pola UNESCO, no ano 1999. É a data na que ten lugar o equinoccio de primavera no hemisferio septentrional. Atendendo á declaración da UNESCO, “a poesía é unha manifestación da diversidade no diálogo, da libre circulación das ideas por medio da palabra, da creatividade e da innovación. A poesía contribúe á diversidade creativa ao cuestionar de xeito sempre renovado a maneira en que usamos as palabras e as cousas, e os nosos modos de percibir e interpretar a realidade. Grazas ás súas asociacións e metáforas e á súa gramática singular, a linguaxe poética constitúe, xa que logo, outra faceta posíbel do diálogo entre as culturas (...) Por outra parte, este Día ten como propósito promover o ensino da poesía; fomentar a tradición oral dos recitais poéticos; apoiar as pequenas editoriais; crear unha imaxe atractiva da poesía nos medios de comunicación para que non se considere unha forma anticuada de arte, senón unha vía de expresión que permite ás comunidades transmitir os seus valores e reafirmarse na súa identidade; e reestabelecer o diálogo entre a poesía e as demais manifestacións artísticas, coma o teatro, a danza, a música e a pintura”. A poesía, á fin e ao cabo, é algo que forma parte da nosa idiosincrasia, que forma de expresión necesaria para as persoas e para as comunidades. Algo que forma parte de nós, tanto como o propio acto de respirar.

Desde o comezo dos tempos, a poesía serve para transmitir información, emocións ou formas de ver o mundo: a poesía narrativa que se ten transmitido a través da tradición oral serviu para dar conta de fazañas históricas, bíblicas ou míticas –cantares de xesta, a literatura artúrica, a materia de Troia ou Roma, a épica carolinxia–, para informar de sucesos –cantares de cego–, para transmitir valores, celebrar festividades, infundir valor, dar azos, calmar crianzas ou transmitir información sobre o paso das estacións

–cantares de andar o camiño, de arrolo, de traballo, panxoliñas, maias, cantos de Reis, refraneiro...–, para a expresión dos sentimentos –cantigas de amigo, de amor, de escarnio e maldizer–... Xa cando boa parte da poboación non tiña acceso á educación e á lingua escrita, era o xeito de transmitir coñecemento, da man de recursos mnemotécnicos como rima, ritmo, paralelismos, anáforas, refráns e retrousos que se gravasen con facilidade no imaxinario colectivo, e acompañada xa de música, e mesmo de performance e banda deseñada –velaí os cantares de cego, acompañados de ilustracións que amosaban en cadriños os sucesos que narraban–. Non é en balde que a primeira gran obra da nosa literatura sexa *Cantares gallegos*, e que Rosalía de Castro cantase mentres escribía. No prólogo lemos:


“Por esto, inda achándome débil en forzas e n’habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada solo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan dosemente resoaron nos meus oídos desde a cuna e que foran recollidos polo meu corazón como harenxia propia, atrevínme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e como o noso dialecto dose e sonor é tan a propósito como o primeiro para toda clase de versificación”.

Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*, 1863.

Rosalía de Castro publicou os seus Cantares nun momento en que aínda non era coñecida a riquísima lírica medieval galego-portuguesa (os cancioneiros foron descubertos moito máis tarde, despertando o interese de estudiosos e o movemento neotrobadorista na poesía), mais xa o facía con esta vontade de elevar á poesía culta todo aquilo que ela escoitara desde sempre na voz do pobo: a poesía, como dixo medio século despois Luís Pimentel, é “*o gran milagre do mundo*”, e está en todo o que nos arrodea. Así, seguindo o poema de Pimentel, “*Insinareite sen berros / O poeta é un mestre sin ira*”.

OBXECTIVOS

Uxio Novoneyra





Luis Pimentel

Esta unidade didáctica servirá, logo, como terreo de xogo para practicaren e adquiriren destreza poética as e os adolescentes. No marco dun evento internacional de poesía como o **Festival Alguén que respira!**, pode ser moi vizoso no intercambio de experiencias e no achegamento á literatura para alumnado entre 15 e 18 anos. Para o maior aproveitamento, contemplaremos os obxectivos propostos no marco da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa, en adiante LOMCE, e teremos presentes as competencias que interesa desenvolver nesta etapa.

Para iso fixarémonos nalgúns dos obxectivos propostos polo Decreto 83/2015 do 25 de xuño, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato:

a) **Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.** A través da recepción, interacción e produción propia de poesía, o alumnado desenvolverá o seu espírito crítico, de forma axeitada a cada situación comunicativa, entendendo a poesía naquel sentido etimolóxico de capacidade de actuar.

c) **Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.**

d) **Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.** A través das figuras femininas (e feministas) na poesía contemporánea, achegarase ao alumnado ao coñecemento e visibilización das autoras, e tamén á perspectiva crítica sobre a súa posición no canon e na industria cultural, os silenciamentos e as diferenzas de trato. Tamén sobre as identidades sexuais non hexemónicas, persoas con diversidade funcional e doutras procedencias.

e) **Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.** Parte das pesquisas terán que facelas o propio alumnado, buscando a información tanto na rede, na aula de informática, como na biblioteca do centro ou outras fontes que consideren. Ao tempo, as tecnoloxías de uso común (os teléfonos móbiles, sen ir máis lonxe, e as redes sociais) teñen un enorme potencial como ferramentas de creación poética: videopoemas, poesía visual ou regueifas a través de Twitter son só algún dos exemplos xa existentes no ciberespazo literario galego.

h) **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.** É o mellor achegamento posíbel á lectura coñecer a poesía na voz das súas autoras e autores, pórllle corpo á poesía como xeito de interiorizala, facérena súa, e, progresivamente, elaborar as súas propias mensaxes.

i) **Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.** A presenza de poetas da escena internacional, sexa do ámbito peninsular como a catalá **Sonia Moll** ou a romanesa **Golgota**, que emprega o portugués, ou o inglés Andrew McMillan, achegará unha ocasión única para escoitar poetas noutras linguas, e mesmo “aventurarse” a escribir nelas, se cadra.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. O Festival é unha oportunidade para o coñecemento (e o aumento da autoestima cultural) da nosa literatura e do seu xeito de estar no mundo, en diálogo con outras.

Competencias:

Atendendo ao currículo, establécense unha serie de competencias básicas, das que esta Unidade vai tomar como referente:

a) Comunicación lingüística (CCL). A poesía é unha ferramenta básica da aprendizaxe e adquisición da linguaxe. Atendendo ás funcións da linguaxe propostas por Roman Jakobson, en relación cos elementos do proceso de comunicación (emisor, receptor, mensaxe, código, canle, contexto), a poética é a que ten que ver coa propia mensaxe, con como empregamos a lingua.

c) Competencia dixital (CD). No século XXI, o diálogo entre a poesía e as novas tecnoloxías é totalmente fluído. A integración das linguaxes e recursos informáticos, a mestura de códigos (visuais, sonoros, textuais) e a facilidade para a difusión da poesía que propicia internet debuxan un novo escenario, diverso e vizoso, para a expresión poética, e tamén enormemente atractivo para a mocidade.

e) Competencias sociais e cívicas (CSC). A poesía é tamén o terreo das forzas emerxentes, da expresión sen censuras, espazo de tensións onde se articulan resistencias ao discurso hexemónico, a denuncia cívica, o berro colectivo. É unha experiencia inividual e íntima, mais tamén social e colectiva. A tradición da poesía social e política na nosa literatura vén xa da nosa tradición oral, que tan ben reinterpretaron e levaron ao seu tempo Rosalía de Castro ou Manuel Curros, pasa por Cabanillas, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra ou Xosé Luís Méndez Ferrín (pregoeiro do Festival), e chega aos nosos días con toda a forza da poesía cívica: o movemento Nunca Máis, as Redes Escarlata e moitos outros grupos e individualidades fan da poesía un arma cargada de futuro.

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC). Coñecer de preto unha das expresións fundamentais da nosa cultura, traballala e integrala na propia práctica é un dos propósitos fundamentais desta unidade.

Integraremos de forma transversal a adquisición destas catro competencias nas actividades propostas, a través dunha metodoloxía activa e participativa na que o alumnado sexa o máis autónomo posíbel, e responsábel da súa propia aprendizaxe (integraranse tamén nesta liña as competencias **d)**, **Aprender a aprender (CAA)** e **f)**, **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**.



María Lado e Lucía Aldao nunha actuación de AldaoLado na sala Súper 8 de Ferrol.



Mural nunha fachada sobre Lois Pereiro.

Contidos:

No tocante aos contidos, e sempre consonte o Decreto 86/2015, a materia de Lingua galega e Literatura preséntase en todos os cursos estruturada en cinco bloques: 1. Comunicación oral. escoitar e falar. 2. Comunicación escrita. Ler e escribir. 3. Funcionamento da lingua. 4 Lingua e sociedade. 5 Educación literaria. Iremos cinguirnos a tres dos cinco bloques de contidos desta materia por seren os máis directamente relacionados coa unidade.

1. Comunicación oral. escoitar e falar. Este bloque atende ao uso oral da lingua, que é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais en contextos formais e informais. A produción oral e as súas posibilidades expresivas, mesmo o diálogo poético, é unha das pedras angulares deste proxecto.

2. Comunicación escrita. Ler e escribir. Ocupámonos aquí da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas


e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo.

3. O bloque 5, educación literaria, ten o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

Con todo, non descoidaremos o bloque **3, "Funcionamento da lingua"**, xa que segue a ser imprescindible, en relación cos outros tres apartados e no tocante aos contidos máis procedementais, atender a contidos relacionados co código e a súa organización, e á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto; por outra banda, no que ten que ver co bloque **4, "Lingua e sociedade"**, atenderemos particularmente a contidos actitudinais, relacionados coa valoración do plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, deberase incidir na identificación e superación dos prexuízos arredor da lingua.

Que entendemos por poesía?

Silabario da turbina do colectivo Rompente



“Queremos arte negra, identificábel coa afroamericana. Tan negra coma Bessie Smith, Billie Holiday, Duke Ellington ou John Coltrane. O que quero dicir é que queremos expresar as nosas vidas e historias, as nosas necesidades e desexos, a nosa vontade e a nosa paixón. A nosa autodeterminación, autorrespecto e autodefensa. Queremos que sexa unha arte de masas... Unha arte popular, que se distinga das tediosas abstraccións coas que os nosos opresores e “os seus” negros [negroes, no orixinal] bombardearon a arte”.

(Amiri Baraka, “The Black Arts Movement”, 1968).

Poesía vén do substantivo grego ποιησις ‘acción, creación’. Está ineludiblemente ligada á arte de acción, á creatividade. Adoita vincularse ao xénero lírico, aínda que non sempre son sinónimos: atopamos novela lírica, teatro lírico, e poesía non-lírica. Aquí interéсанos o relacionado coa acción, con adquirirmos as ferramentas para que, en palabras de Gianni Rodari, “o uso total da palabra para todos” sirva non para sermos todos/as artistas (que o somos), senón para que ninguén sexa escravo. Está ao noso alcance. A/o poeta oral ten á súa disposición toda unha serie de materiais recorrentes que lle facilitan o labor de composición poética durante a súa performance. A poesía oral é efémera, inmediata e colectiva. Isto constata o carácter único e irrepitíbel de cada texto oral, polo que a repetición vólvese un mecanismo necesario.

Nesta experiencia poética, interlocutores/as e poeta comparten un mesmo aquí e agora, hai relación directa entre poeta e auditorio, e mestúranse diferentes códigos: alén do lingüístico, o cinético e o proxémico. Cornelia Gräbner (2008) explica a mestura do oral, ou “aural” e o visual, a converxencia entre a presenza do/da poeta, o espazo público e a oralidade como as características principais. Apunta tamén a profesora que as comunidades marxinas ou desposuídas da linguaxe, moitas veces na periferia das cidades, atoparon na poesía oral unha ferramenta para a emancipación. É o caso do *Black Arts Movement* ou a poesía *Nuyorican* (da comunidade portorriqueña en Nova York). Deste último caso Willie Perdomo é un exemplo fundamental. Do primeiro éo Amiri Baraka, quen di:

Como dicía Gill Scott Heron, “Revolution will not be televised”, e estes artistas non tiñan contacto coas grandes casas editoriais ou grandes circuítos. Así que houbo que botarse ás rúas, aos bares, aos circuítos onde a poesía entraba en contacto directo coa xente.

En Galicia experimentámolo xa de vello: a poesía oral é algo que forma parte da nosa idiosincrasia, e hoxe en día proliferan festivais, coma o de Poesía do Condado, en Salvaterra de Miño, ou a Semana de Poesía Salvaxe, en Ferrol, que dunha punta a outra do país fan da poesía unha festa. En Compostela, sen ir máis lonxe, hai “jams” poéticas en pubs da zona vella como a Caldereiría ou o Riquela, houbo sesións de Picaversos no Modus Vivendi, a Rebelión da Décima Musa estouraba nas voces d’As poetas durante as Festas do Barrio de San Pedro... Énos vella coñecida a fusión de poesía, festa, espazo público, se cadra tamén música. Imos facer un breve repaso histórico...

O galego-portugués viviu a súa época de esplendor, como koiné ou lingua de cultura a nivel peninsular, coa lírica profana (cantigas de amor, amigo, escarnio e maldizer) e relixiosa (as Cantigas de Santa María). Mesmo durante os coñecidos como Séculos Escuros (XVI, XVII e XVIII), seguiu viva a nosa tradición oral, fundamentalmente poética, para garantir así a súa transmisión xeracional entre unha poboación que, na súa maioría, non tiña acceso á educación e ao manexo da escrita: o ritmo, a rima e os recursos paralelísticos ou de repeticións facilitaban a súa memorización e transmisión.



Elisa Lucinda, que se presenta no respira! 2019

Co Rexurdimento, no século XIX, comézase a recuperar a poesía culta en galego. Os *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro inauguran o 17 de maio de 1863 o renacemento das nosas letras, ineludiblemente ligada ao canto, como tamén veremos no traballo musicolóxico (e poético) de Marcial (e Avelina) Valladares. Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, as vangardas, da man de Manoel Antonio, o neotrobadorismo de Álvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, as voces poéticas de Lorenzo Varela ou Luís Seoane rachando desde o exilio a escuridade e o silencio do franquismo, a poesía socialrealista, xa contra a metade do século XX (Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra)... Mais deteñámonos (e fagamos un zoom de ampliación) no último medio século.

Unha conexión fundamental foi o gran mito da poesía beat hispana, que nos deixou no ano 2015, Carlos Oroza: nacido en Viveiro en 1923, viviu en Madrid entre os 40 e os 70, onde cofundou a revista *Tropos* e foi Premio de Poesía Underground. É nos 70 cando, animado por Uxío Novoneyra e Carmen Torre, transcribe os seus poemas orais, e entre o 74 e o 1980 vive intermitentemente no Courel, onde se xesta *Eléncar*, poemario que contará con elementos gráficos e musicais. Xa nos recitais dos 60, Oroza demostraba que a poesía é unha arte viva. Segundo referencia Branca Novoneyra, sabía os seus poemas de memoria, reproducíaos oralmente. E cando finalmente os escribiu, seguía a notarse o seu ritmo incesante neles.

É curioso (imos dar un “pequeno” salto temporal de medio século): tamén unha poeta contemporánea, Lucía Aldao, publicou o seu primeiro libro, *Todo isto antes era noite*, en Apiario (2018), despois de máis de vinte anos recitando, bastantes premios, bastantes poemas publicados en revistas ou obras colectivas, e moitísima poesía oral nos bares, moitas veces acompañada pola súa guitarra. Con María Lado desenvolveu *Onde estea un cubata que se quite un soneto* no 2005, e un ano despois *Poeta de mierda*, xunto á actriz Pepa Yáñez, e outros formatos como *Moita poesía, pouca diversión*, recitais colectivos como *A hostia en verso*, Merendacea ou Vendo a miña alma (poxa de poetas). “Eu son unha poeta oral e traballo na poesía escénica”, di de si mesma nunha entrevista.

Vemos como, dos 60 para aquí (e agora como no Medioevo) a poesía segue a ser unha arte viva.

Volvamos aos 60/70, e á conexión con Oroza: é imprescindible falar de Uxío Novoneyra. Fillo de familia labrega, naceu en Parada (Folgozo do Courel) a comezos dos 30, e o Courel e a súa paisaxe son determinantes na súa creación poética. Xosé Luís Méndez Ferrín encádrao na xeración das Festas Minervais (xunto con el mesmo, Manuel María, Xosé Luís Franco Grande, Bernardino Graña ou Xohana Torres. Estes poetas non viviron directamente a guerra, asistiron á universidade e participaron nas Festas Minervais, certame literario organizado pola Universidade de Santiago de Compostela que premiaba obras poéticas e narrativas en galego. Moitos deles formaron parte do grupo Brais Pinto en Madrid. Escriben (e recitan) sobre todo nos 50, con moita influencia do existencialismo, do absurdo, unha poesía que levou o nome de Escola da Tebra polo seu ton anguriente (velaí *Muiñeiro de brétemas*, de Manuel María, no 50, ou *Voce na néboa*, de Ferrín, no 57). Xa nos 60, evoluciona cara a unha poesía máis social: é de destacar a publicación, en 1962, de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro. Neste contexto, Uxío Novoneyra abrangue desde a vertente telúrico-existencial, resoando a súa voz desde o Courel, n’*Os Eidos* (1955), até e a poesía social, política ou erótica, pasando pola experimentación co caligrama (*Poemas caligráficos* é de 1979) e, desde logo, pola forza da palabra poética na oralidade. Anxo Tarrío (1994) tense referido á poesía de Novoneyra coa metáfora dun iceberg, ao considerar que a súa austeridade expresiva leva implícito un grande esforzo de selección e reflexión sobre o feito poético. Cando fai circular, manuscrito, o seu poemario *Viet-Nam canto* (1969), experimenta nel coa tipografía e coas posibilidades expresivas do movemento beat. Tamén *Con pólvora e magnolias*, de Ferrín (1976) marcará un fito na poesía galega, abrindo un novo vieiro. Mesturaba maxistralmente unha estética culturalista co discurso social, converténdose nun clásico co que aínda hoxe, case medio século despois, seguen a dialogar voces poéticas das novas xeracións.

Xurdirán despois varios colectivos que levan aparellada a publicación dunha obra colectánea

ou dunha colección: Alén, Cravo Fondo, De amor e desamor... E Rompente, Grupo de Comunicación Poética que desenvolve as súas actividades efectivamente “rompentas” e iconoclastas -en forma de follas voadeiras, performances, espectáculos-, desde 1976. Integrábanos Antón Reixa (si, seguramente vos soe como cantante dos Resentidos, cuxa canción *Galicia canibal* xa é un himno xeracional), autor de *As ladillas do travesti* (1979), ou de *Historia do rock and roll* (1985), Manolo Romón, que tamén pode que vos soe máis como presentador de programas e actor en series da TVG, autor de *Galletas kokoschka non* (1979), e Alberto Avendaño (*Facer pulgarcitos tres*, 1979). Polo título das tres obras publicadas no ano 79 podedes intuír o experimentalismo e o carácter irónico, paródico e lúdico das mesmas. Xa no 78 publicaran a colectiva *Silabario da turbina*, e tamén no ano 83 sacan o colectivo *A dama que fala*, e no 98 *Upalás*.



Silvia Penas

Nos 80 atopamos a poesía de Xavier Seoane, Manuel Rivas, Claudio Rodríguez Fer, Manuel Vilanova, Vicente Araguas, na poesía da experiencia ou a experimental, ou a Xosé María Álvarez Caccamo, Manuel Forcadela, Román Raña, Paulino Vázquez e Miguel Anxo Fernán Vello na poesía culturalista. Ademais, ábrese o camiño da poesía das mulleres, autoras que se sitúan nun feminismo moi explícito: Ana Romani, Pilar Pallarés ou Xela Arias son algunhas das poetas que abren camiño para as que despois eclosionarían nos 90.

Proposta de actividade

Coñecías este poema de Lois Pereiro? Titulouno *Acróstico*. Investiga un pouco: tenta descubrir que significa acróstico e por que pensas que o titulou así (pensa que forma parte do seu libro *Poesía última de amor de enfermidade*, 1996). Despois proba ti a faceres o teu propio acróstico!

Somentes
 intentaba conseguir
 deixar na terra
 algo de min que me sobrevivise

sabendo que debería ter sabido
 impedirme a min mesmo
 descubrir que só fun un interludio
 atroz entre dous mundos de silencio

só puiden evitar vivindo á sombra
 inocularlle para sempre a quen amaba
 doses letais do amor que envelenaba
 a súa alma cunha dor eterna

sustituíndo o desexo polo exilio
 inicieí a viaxe sen retorno
 deixándome levar sen resistencia
 ó fondo dunha interna
 aniquilación chea de nostalgia
 (Lois Pereiro, *Poesía última de amor e enfermidade*, 1996).

Xa nos 90, todas estas vías abertas diversificáanse aínda máis: *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*, volume aparecido en 1994 do colectivo Ronseltz (fundado xa na década anterior) é boa mostra. Este colectivo estaba integrado por Xoán C. Rodríguez, Miguel A. Montes, Serxio Iglesias, Xabier Cordal, que aínda no 2018 publicou *Resistencia da auga* en Chan da Pólvora, e Manolo Cortés, quen tamén formou parte de Chévere. Aínda que o coñezamos máis polo seu traballo sobre as táboas (ou en producións de cine e televisión), ten un libro individual: *A rutina é o deber de todas as criaturas* (Edicións Positivas, 1997).



E non podemos falar de Edicións Positivas sen mencionar a Lois Pereiro. A este poeta, musicado por Radio Océano, Das Kapital ou Labregos do Tempo dos Sputniks (convidámosvos a buscalos pola rede e escoitalos un pouco) dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 2011. Grazas a iso, reeditouse e revitalizouse boa parte da obra deste escritor monfortino que fora inxustamente esquecido. No Madrid dos primeiros 80 publicara *Loia* xunto a Antón Patiño, Manuel Rivas, ou seu irmán, Xosé Manuel Pereiro. No 81, xa na Coruña, contacta con poetas como Xavier Seoane, Francisco Salinas Portugal ou Xulio Valcárcel, cos que publicaría as antoloxías *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* ao ano seguinte, e colabora en revistas como *La Naval*, *Trilateral*, *Anima-I* e *Luzes de Galiza*, revista que publicaría, en 1997, un ano despois da súa morte prematura, os oito capítulos da novela curta *Náufragos do Paradiso*. Ademais foi tradutor (de series de culto que se emitían na TVG coma *Os Novos*) ou dedicouse á dobraxe.

Os dous libros de poemas que publicou en vida, *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), son creacións de culto, pero



Xela Arias

que non deixan de ser composicións directas e tamén populares.

Nos 90 agroma tamén, forte e vizosa, a poesía de mulleres, a través da experiencia, do cotián (Marta Dacosta, Helena Villar Janeiro, Helena de Carlos), do intimismo, da reivindicación do propio corpo e da propia sexualidade, dun novo erotismo a través do feminismo, que reivindica a muller como suxeito de seu, ou reformulacións da identidade que comezaran Xela Arias ou Ana Romani e terán continuadoras en Lupe Gómez, Yolanda Castaño, María Lado, Emma Couceiro, María do Cebreiro, Olga Novo, Emma Pedreira, Cristal Méndez ou Estíbaliz Espinosa.

Temos a poesía social, que emerxe moitas veces do cotián (Fran Alonso, Carlos Negro), poesía fortemente política, e que establece un diálogo intertextual coa literatura (Chus Pato, Manuel Outeiriño e novamente María do Cebreiro), ou poesía experimental, e velaí Celso Fernández Sanmartín, Calros Solla, Carlos Santiago ou a Corporación Semiótica Galega. Bota un ollo na súa web! <http://www.cosega.org/>

Xorden novos terreos para a poesía grazas á rede, aos blogs, á recuperación do espazo público. Chegamos xa ao cambio de século (de milenio!) con novas experiencias, coma o poemario *Prestidixitador* de Antón Lopo. Un poemario exclusivamente oral, que non está escrito en ningures, “unha forma nova de darlle soporte á poesía” encadrábel no Body-art, versos que non teñen vontade de perpetuarse e só “existen no momento, na memoria e no recordo”. Antón Lopo, autor tamén de *Lampíricos*, lanzara con Ana Romani o Laboratorio de Indagacións Poéticas, fora a Chiapas co Festiclown, desenvolveu varias performances poéticas, foi xornalista cultural e na actualidade leva a editora, especializada en poesía, Chan da Pólvora, e o Festival poético Alguén que respira!

Antón Lopo participou tamén nun dos colectivos

poéticos máis potentes deste cambio de milenio. Foron anos convulsos, en que o capitalismo tardío fixo estourar moitas cousas a nivel mundial (a partir do 11-S, o atentado de Al Qaeda contra o World Trade Center do 2001, desatouse a intervención militar estadounidense en Iraq, apoiada polo Estado español gobernado por José María Aznar), e local: no noso contexto máis próximo, cando o petroleiro *Prestige* naufragou fronte ás costas galegas e 70.000 toneladas de fuel oil chegaron ás praias, en novembro do 2003, constatouse que a sociedade civil galega estaba en pé fronte á intemperie. O movemento Nunca Máis e Burla Negra fixeron historia. Na poesía, que é o ámbito que abordamos, o colectivo Redes Escarlata nacera no 2001 en Santiago de Compostela, como colectivo internacionalista de esquerdas e contra o imperialismo. De alí saíu a obra poética colectiva *Xuro que non volverei pasar fame* (2003) e recoñecidos traballos de información e de axitación coma o que levaron a cabo desde a súa web con motivo do afundimento do *Prestige*, ademais de manifestos sobre o cinema galego, os dereitos sexuais, a cuestión do idioma,

o dereito á okupación, a invasión de Iraq. Xosé Luís Méndez Ferrín, Chus Pato, Xabier Cordal, Iván Prado, Antón Dobao, Anxo Angueira, Darío Xohán Cabana, Alberte Momán, Elvira Ribeiro Tobío, Oriana Méndez, Silvia Penas, Xabier Xil Xardón, Brais González Pérez...

No Festival Alguén que respira! do 2019 contaremos cunha boa mostra da poesía máis contemporánea, e tamén con voces que transitan entre a poesía, o hip hop a performance ou a música electrónica, como as de García MC, Moscoso de Malvares, Iolanda Zúñiga, Lucía Aldao, Silvia Penas, Nuria Vil ou o percusionista L.A.R. (Luís Alberto Rodríguez) Legido, unha figura referencial da música improvisada. Mesmo de alén das nosas fronteiras, a actriz e poeta brasileira Elisa Lucinda, ou a romanese Golgona Anghel, que recita en portugués e castelán, alén da catalá Sònia Moll, cuxa última obra poética publicada é *Beneïda sigui la serp* (2018), e que ten desenvolvido parte da súa creación poética coa música de Clara Pey no recital Carta blanca.

Proposta de actividade

Redacta un breve texto contando a túa experiencia previa coa poesía. Velaquí algunhas guías que che poden axudar:

- Gústache ler poesía? De que tipo? Que autores e autoras?
- Hai poesía que non che guste, ou que desbotes? Por que cres que é? Que condicións ten que cumprir un bo poema para ti?
- Como a buscas? Pola rede, nas bibliotecas, mercas libros...? Asistes a recitais ou festivais de poesía?
- Escríbela? Nese caso, como o fas? Cando estás en soidade, gústache facela colectivamente? Tes participado nalgún xogo literario, ti só/soa ou con máis xente? Cadáveres exquisitos, xogos de escritura automática... No ámbito educativo ou fóra? Como das a coñecer a túa propia creación?

Despois de redactardes por separado a vosa experiencia, podemos organizar un debate en clase onde poñades en común (ou confrontedes) as vosas ideas.



García Mc, vinte anos de Palabra que anda.

As nosas voces

A literatura oral e a poesía recitada veñen xa da Antigüidade grega, até movementos de vangarda do século XX coma o dadaísmo, a literatura beat ou a cultura hip-hop. Na segunda metade do XX xa viñan realizándose diferentes performances poéticas, relacionadas con movementos de activismo cultural e social, e moitas veces acompañadas de música e de teatralidade.

A oralidade, as lecturas públicas que os autores facían das súas obras, ou parte delas, perante unha audiencia, era o xeito máis rápido e eficaz de pólas en contacto coa contorna antes da invención da imprenta, e sobre todo durante o Medievo. Xa a través da recitación os aedos popularizaron na Antiga Grecia os poemas homéricos, e do mesmo xeito ao longo da Idade Media a literatura foi transmitida a través de xograres, trobadores, bardos, escaldas ou Minnesingers. Na actualidade seguen a celebrarse recitais, lecturas dramatizadas ou veladas literarias para dar a coñecer obras de todo tipo.

Algúns exemplos: literatura beat...

A voz inglesa “literatura beat” abrangue a produción dunha serie de poetas norteamericanos na década


dos 50, coma Allen Ginsberg (de quen temos *Howl* (1956) traducido ao galego (*Ouveo e outros poemas*) por Daniel Salgado en Positivas (2007) e mais o novelista Jack Kerouac (*On the Road*, 1957), o primeiro en utilizar o termo “beat” no seu sentido restrinxido, connotando actitudes tales como o inconformismo, a apatía, a disidencia política fronte ao xeito de vida norteamericano, a automarxinación e o gusto pola vida comunal anticonsumista.

Gustábanlles a construción literaria libre, a escritura espontánea, o surrealismo, o uso de elementos autobiográficos, os ritmos e a linguaxe coloquiais, a liberdade expresiva, o jazz. Puxeron a súa poesía do lado das vítimas do racismo, da pobreza, da guerra, do réxime penitenciario estadounidense, a pena de morte ou a experimentación coas armas atómicas. Algúns dos integrantes do grupo poético Brais Pinto, como Reimundo Patiño, Bernardino Graña e Xosé Luís Méndez Ferrín, achegáronse desde Galicia á estética e ideoloxía beat.

Proposta de actividade

Imos experimentar con escritura automática, e coa escrita en xeral. Podedes inspirarvos lendo algún dos textos que referimos -tédelos accesíbeis na biblioteca do voso centro ou na Ánxel Casal-. Velaquí algunhas técnicas:

- aliteracións, fonosimbolismos, xogos coa sonoridade: probade cadaquén cun son (consonántico, vocálico...), o que prefirades. Podedes escoitar a Uxío Novoneyra (ollade o que fai neste poema cos emes, co verbo calar... E con USA, USA, USA: <https://www.youtube.com/watch?v=cGBHtVirQyQ>), ou a Silvia Penas, a quen tivemos no **Alguén que respira o ano pasado**, neste poema en que recrea unha carta en portugués: <https://tv.uvigo.es/video/5b5b38a08f4208c96346b7ea>.
- anagrama: desordenando as letras dunha palabra pode saír outra: pote/peto. A partir desa parella pode saír un poema!
- binomio fantástico: este é un xogo moi básico pero moi efectivo, proposto por Gianni Rodari na *Gramática da fantasía*: cómpre que obteñades pares de palabras curiosos (imaxina, “gata” e “conxelar”, se cadra), e as relacionedes poeticamente. Podedes escribir cadaquén un substantivo, un verbo e un adxectivo, meter papeliños nunha bolsa e remexer... Que cadaquén saque un par de palabras e a ver que pasa con elas.
- caligramas: temos unha chea de exemplos (“Excelsior”, nas Foulas de Manoel Antonio, os Poemas caligráficos de Novoneyra ou estoutro do colectivo Ronseltz son algúns exemplos. Atrévdesvos a debuxar con palabras?



- cadáver exquisito: practicado por surrealistas a partir de 1925, trabállase co colectivo e co azar, pintando ou escribindo sobre un papel dobrado como un acordeón. Cadaquén de vós só verá o que escribiu/debuxou a persoa anteriore. A ver que sae! A isto xogaron André Breton, Paul Éluard, Louis Aragon, Yves Tanguy, Joan Miró, Salvador Dalí, Philippe Soupault, Eugenio Granell... Chámase así por un dos poemas que resultou nestes primeiros tempos: "Le cadavre / exquis / boira / le vin / nouveau" ("o cadáver / exquisito / ha beber / o viño / novo").
- colaxe: o termo, que ha soarvos do ámbito das artes plásticas, refírese é técnica de pegar materiais diversos (papeis, tecidos, palabras recortadas da prensa, etc.) nun soporte, cunha estrutura libre en canto a cores e formas. Do mesmo xeito, fotocopiade textos preexistentes, recortade e pegade a pracer... Igual atopádeslles novos sentidos a Rosalía de Castro ou Martín Códax!
- poema alfabético: tomamos a referencia do Obradoiro Gianni Rodari. É ben doado: cada palabra, unha letra do alfabeto, por orde. Exemplo:

Amor, batendo corazóns dormentes e fracos,
 guarda historias infinitas. Jovens corazóns lutando,
 murmurando, non olvidan paixões que resistem.
 Sentimentos ternos urgem. Ventos xa zoam!

Elaborada por mestras e mestres galegoportugueses-
 as (Obradoiro de lingua Gianni Rodari, *Gramática
 insubordinada*, 2004.)

- e non esquezamos a rima. Probade a facer diferentes tipos de composición: podedes empezar con verso libre, despois verso branco, poden rimar todos os versos, só os pares, asonante e consonante cando se trata de rimas!... Se alguén se atreve cun soneto, adiante! Xa veredes que non é difícil, unha vez que vos lanzades.

Unha vez escribades as vosas composicións, podedes decidir o soporte: queredes imprimir un poemario colectivo, colgalas na rede, organizar un recital? Isto só é o comezo.

Rythm and Poetry...


Outros torneos vinculados á poesía son as “batallas de galos” do rap. O termo rap vén das siglas de Rythm and Poetry e é o elemento musical vocal principal da cultura hip hop. Nel recítanse rimas seguindo un ritmo ou base musical. A persoa que recita coñécese como MC (mestre/a de cerimonias) e polo xeral a música pona un/ha DJ, disc-jockey, mestura de son e “scratching”).

Acabou por producirse unha metonimia que asimilou os termos hip hop e rap: *hip hop* é unha cultura que naceu nos barrios pobres de Nova York -e que abranguíu estilos musicais coma o funk, o rap, ou a salsa; de baile, coma lindy hop e break dance; ou de pintura mural-. Fora Afrika Bambaataa quen cuñara o termo.

Atendamos agora a outra forma de poesía relacionada coa cultura hip hop: o *graffiti* ou pintada dá nome a inscricións e debuxos feitos en paredes, ou noutras superficies expostas á mirada pública e non previstas para tal fin. Son producións artísticas efémeras de carácter popular (e polo xeral urbanas) que se caracterizan por unha vontade de transgresión e publicidade. Desde os murais de Pompeia, moitos deles están relacionados con temas amorosos, eróticos ou abertamente pornográficos, outros son críticos coa sociedade e política do momento (non é raro que a maior parte sexan anónimos ou sexan asinados con pseudónimo), e mesmo atopamos a reprodución de poemas ou escritos que deron así o salto do rexistro culto ao popular, ao espazo público das paredes, algunhas veces con achegas de “colleita propia”.

Proposta de actividade

- Coñeces Galiza Poetiza? É unha iniciativa que, a través da técnica do stencil (ou estarcido) “espallou” moita da poesía galega contemporánea polas paredes de Compostela nos últimos anos. Asíñase con ese nome colectivo, Galiza Poetiza. Aquí tes un exemplo, da parede da facultade de Filoloxía en Santiago de Compostela, cun verso de Ataque Escampe. Teñen aparecido tamén versos de poetas como María do Cebreiro.





Ademais, nas últimas décadas proliferan en Galiza certames de graffiti coma As Meninas de Canido (Ferrol), o Rexenera Fest, festival internacional de arte pública de Carballo, o Desordes creativas en Ordes. O máis recente, o Festival Bloom Clap no Milladoiro (Ames), integraba diversas artes enmarcadas na cultura hip-hop, abrangendo skate, parkour, breakdance... Alí tivo lugar mesmo un certame-batalla de galos. Pasaches por algún deles?



Exemplos das Meninas de Canido (Ferrol)

Proposta de actividade

Agora tócache prestar atención e disparar coa cámara: busca poesía nas paredes. Seguro que hai moita máis da que poidas imaxinar (de autores/as célebres ou anónima, ou popular). Podemos facer un inventario da poesía nas paredes da nosa contorna:

- Que poemas atopas? Visuais, verbais, ou unha combinación das dúas cousas?
- Como están asinados?
- Que recursos se empregan?
- Que lugares se elixen?
- Emprégase o spray directamente, ou trátase de stencil (estarcido sobre unha plantilla)?



PRESENTAN

AHOSTIA EN VERSO



**POETAS DE FACEBOOK
VS.
POETAS DE TUENTI**

DIA: 21/03/13 HORA: 11.30

LUGAR: biblioteca do CPI da Ribeira

Coñeces Poetas da hostia en verso? Este colectivo reuníase en bares para “tomar unhas cervexas en salvaxe compañía e, nos interludios, argallar pequenos recitais poéticos que golpeen as columnas da poesía máis académica e aburrída”. Coa imaxe dunha Rosalía de Castro boxeadora, participaron neste colectivo María Lado, Xabier Xil Xardón, Silvia Penas, O Leo, Leticia Costas, Daniel Landesa, Paula Carballeira, Mario Regueira, Elvira Riveiro... Ás veces amenizado coa música de Mig Seoane. Aquí podes botar un ollo: <https://tv.uvigo.es/video/5b5b6fb38f42080d16232462>.

... Slam!

A slam poetry é unha competición literaria que pon en xogo a certo número de poetas, que deben demostrar a súa habilidade para interpretar e comunicar textos poéticos. Pero máis ca buscar un gañador ou gañadora, trátase de lograr a solidariedade entre a persoa que recita e as que escoitan, “unha comunidade que celebra a poesía e a súa performance”. *Slam* é un termo inglés (moi onomatopéico!) que significa golpe, bater dunha porta (ou labazada). Do mesmo xeito, quérese que a poesía funcione coma un “golpe”, que chegue directa a poetas e público. A data que marca o nacemento do slam sitúanse en 1986, nun club de jazz de Chicago, o Green Mill, co nome de Uptown Poetry Slam. O poeta Marc Kelly Smith quixo así organizar este tipo de recitais fora do ámbito académico, e destacar a importancia da performance na experiencia poética. Non tardou en espallarse a outras cidades como Nova York ou San Francisco. Desde alí atravesou cara a Suecia, Alemaña ou Inglaterra, até converterse nun dos fenómenos sociais e literarios máis influentes do século XXI.

As normas adoitaban estar moi claras: os poemas deben ser de creación propia, o recitado non debe durar máis de tres minutos, máis 10 segundos de graza, e non se permiten accesorios (de atrezzo ou acompañamento musical), senón que para recitar hai que empregar voz e o corpo. O xurado, composto por cinco persoas escollidas ao azar entre o público asistente, debe puntuar de 0 a 10 puntos cada poema. Polo xeral, os slam están abertos a quen queira participar e a calquera estilo, forma ou tema. Porén, en ocasións pódense modificar estas regras tradicionais, permitindo interpretar o texto doutro poeta, levar disfraces ou empregar instrumentos, e mesmo se poden chegar a introducir restricións de idade, sexo ou temática.

Moi próximo a elas, o fenómeno contemporáneo da slam poetry comeza a súa andaina dentro da literatura galega a finais de 2012, celebrándose case simultaneamente en Vilagarcía de Arousa (Slam.Arousa. Poesía recitada dende a ría, Taragoña, Rianxo, entre outros sitios) e en Vigo (Poetry Slam Vigo, Romil).

A regueifa do século XXI

En Galicia vén de moi longo a tradición de recitais competitivos. Desde as tençós medievais (un xeito, digamos, de “piques” entre trovadores) ás composicións populares cantadas espontaneamente que desenvolvían temas burlescos a xeito de discusión. Este tipo de cancións

improvisadas pon a proba o enxeño das persoas participantes e está presente nas diversas circunstancias da vida rural galega: o desafío normalmente consiste nun número indeterminado de quartetas de versos octosílabos. A primeira quarteta a miúdo está establecida previamente e dá paso á improvisación por parte dos participantes; e mesmo o final dun verso serve de comezo para a quarteta do seguinte intérprete que continúa o desafío.

Por outra parte, a regueifa designaba o molete de pan de trigo, ovos, azucre, manteiga e adornado con doces ou caramelo co que os noivos agasallaban os convidados á voda.

Posteriormente daría nome á festa en torno a este agasallo, celebrada polo xeral fóra da casa na que se organizaba o banquete. A regueifa caracterízase pola súa fluidez, enxeño, espontaneidade, humor e retranscrición. Temos dúas modalidades: a regueifa cantada, a modo de conversa, e a regueifa típica das serras orientais, máis coñecida como brindo, con maior peso lírico: o último brindeiro da montaña é Antonio Río, de Louzarela. Tamén hai variantes coma a loia, a enchoiada -diálogo en coplas entre un mozo e unha moza-, o parrafeo -representación dunha porfía cantada en coplas, tamén entre un mozo e unha moza e memorizada de antemán- ou os atrancos da Ulla. Tradicións semellantes atopámolas en Portugal, cos seus cantores ao desafío; en Murcia e oriente de Andalucía, cos trobeiros; en Canarias cos verseadores; en Mallorca cos glosadors; en Catalunya cos corrandistas; en Euskadi co(a)s bertsolaris; e se atravesamos o Atlántico, tamén se dan repentistas, payadores, violeros, socaboneros...

Grazas a iniciativas coma a do Centro Veciñal e Cultural Valladares, Regueifesta ou os Encontros de Mulleres Repentistas de Galicia, está a ser recuperada e reconceptualizada desde a modernidade, cunha nova xeración de regueifeiros (Xosíño da Teixeira, Felipe de Dodro ou Pinto d'Herbón). Por outra parte, a regueifa conta xa cunha páxina propia en Internet, <http://regueifa.org>, creada pola asociación ORAL. A comunidade educativa do IES Marco do Camballón, de Vila de Cruces, onde se imparte na ESO a materia de "Regueifa e improvisación oral el verso", xunto co IES de Baio, levan tres anos, neste 2019, desenvolvendo os encontros de mulleres repentistas de Galicia. Neste encontro danse cita regueifeiras da localidade dezá, coma Nuria das Cruzes ou Lorena Medela, e outras coma Alba María, Sara Marchena, Sofía, a Gharota da Ribeira, Marisa Otero, Pia Lago, Lara do Ar, Silvinha, Aurora Redondo, Olaia Liñares ou Joana Santos Vilela e Estrela do Courel, crianzas do Clube de Regueifa da Escola Semente de Compostela. Ao tempo, homenaxean a persoeiros sinalados da Regueifa, coma catro veciños e veciñas de Sabrexa a quen recollera Dorothe Schubart no *Cancioneiro Popular Galego*, Angelita de Baño, brindeira do Courel, ou a cantareira e pandereteira Xosefa de Bastavales.

Foron mulleres, precisamente, as que revitalizaron este movemento en Galicia: Marisol Manfurada xa uniu regueifa e rap desde o rock bravú rematando o século XX, e nesa altura Sofía Tarela e Paola Beiro, as Gharotas da Ribeira, destacaron pola súa arte como regueifeiras e polo seu descaro. A luguesa Pepa Yáñez, a través do seu Cabaré de aquí, con Davide Salvado, regueifou e investigou o mundo do repente galego, e reformulou o cabaré desde a música tradicional galega.



Encontro de repentistas

Bertsolarismo

Entre as múltiples tradicións relacionadas coa poesía dialogada e improvisada, cabe destacar a recuperación do bertsolarismo en Euskadi. Velái voces coma a de Jon Maia, nado en Gipuzkoa de nai estremeña e pai zamorano, que formou parte do movemento bertsolaris in vitro, grupo de xente nova que nos 80 e 90 rachou coa idea de bertsolari vixente até entón. Os bertsos improvisanse xa desde 1800, difundíronse en "follas de bertsos" e tiveron vixencia mesmo durante o franquismo. Os campionatos de bertsolaris pararon entre o 36 e o 60, pero a día de hoxe xa se consagraron como un evento poético de primeira orde, o Bertsolari Txapelketa Nagusia. Como compón un bertsolari? Nuns segundos ordeou materiais da súa composición, elaborando unha especie de borrador mental, mais o curioso é que non concibe a estrofa pensando no seu principio senón pola súa terminación final, polo último verso, subindo despois do principio ao medio. En euskera diríase que monta a súa estrofa "atzekoz aurrera" (de atrás cara adiante). [información tirada do *Alfabeto sobre la cultura vasca*, de Bernardo Atxaga, 1995].

Organizade unha slam na clase!

Empezade por pensar o lugar e o momento de celebración, e en que condicións queredes que se desenvolva: quen vai ser mestre ou mestra de cerimonia (tamén podedes ser varias persoas), se ides establecer algunhas normas ou non...

Para empezar, podedes poñer restricións de tempo (non máis de tres minutos por participante) e se cadra algunha temática: poesía política, amorosa, intimista, experimental... O que vos pete. Ou simplemente, xogar con improvisacións arredor de:

- unha palabra ou varias.
- unhas estruturas formais (ten que ter rima consoante, teñen que ser versos brancos [mesma métrica, aínda que non teñan rima], ten que ser verso libre [en canto a métrica e rima]).
- un recurso estilístico (ten que haber unha metáfora, ou ten que haber un paradoxo ou antítese, ou a ver quen fai a hipérbole máis hipérbole de todas as hipérbolés...)
- un motivo temático (a chegada da primavera, por exemplo, ou o pasado 8 de marzo).

Escollede por sorteo o xurado entre o público. Podedes puntuar do 1 ao 10, podedes establecer unha competición aberta e despois semifinais e finais, as chamadas "rondas 1-2-3", de un minuto, dous minutos e tres minutos... Acordádeo previamente.

- probade a exercitar a memoria: alguén se atreve a recitar un poema de memoria? Pode ser escrito por ti ou doutro autor/a.

E se probades a regueifar?

Isto xa é algo máis complicado, xa que require de capacidade de improvisación retranca... Se queredes formulalo como competición, se cadra si que sería interesante facer un "torneo", con semifinais e finais. Algúns trucos...

- Interpelar directamente á audiencia, á súa complicidade "Como todas nós sabemos..." ou "é de todos ben sabido" son versos octosílabos que valen para introducir ao público na regueifa.
- Interpelar ao/á contrincante "Vén pr'acó cara de ..." "Vouche dicir catro cousas..."
- Empregar versos de recheo, do estilo "ailalelo ailalalo" cando queremos omitir algo.
- Outras fórmulas: "Esta vai por despedida" "Esta vai por derradeira" para empezar a pechar.
- Tede na cabeza o seguinte ritmo, para que vos saian octosílabos: tara-riro-riro-riro. Normalmente os versos 1 e 3 son libres e son os pares os que riman en asoante.



Bertsolaris nunha sesión dos anos 70.



Sesión de regueifas galegas, a principios do século pasado.

Os nosos corpos



Xabier Xil Xardón nunha das súas performances.

Unha performance, na súa acepción máis común, é unha mostra cun importante factor de improvisación. O asombro e a estética ocupan un eixo central na performance. Dalgún xeito, o seu obxectivo pasa por incidir nos outros participantes, entendendo por participantes o que outras manifestacións da arte inclúen no ámbito dos espectadores. A performance oponse á pintura, a escultura, o teatro ou a poesía édita en que o suxeito e non o obxecto –o poema por exemplo– constitúe a obra artística.

A performance poética ten sido estudada en relación con tradicións poéticas antigas, oprimidas ou marxinalizadas. Hai quen observa nela unha ruptura contracultural co poder, pero en calquera caso, todas as abordaxes teóricas parecen estar de acordo en que a performance poética abraza unha posición crítica, marxinal ou mesmo antagonista co establecido. No seu volume *Performance Poetry* (2011), Arturo Casas e Cornelia Gräbner abordan o estudo da relación triangular entre o poema,

o/a “performer” ou autor/a, e o público, que xa non é entendido como audiencia pasiva. Por algo subtitulan o seu traballo *Corpo, lugar e ritmo* (*Body, Place and Rhythm*), pois a corporalidade, a localización (ou posición) e o ritmo son as tres pedras angulares da poesía performativa.

Erika Fischer-Lichte (2011), pola súa banda, estuda o xiro performativo no teatro dos 60, e a redefinición da relación entre público e actores, pola que non se representa un mundo ficticio, senón que “algo acontece” entre eles. Desenvólvese así un bucle de retroalimentación, ou un sistema autorreferencial e autopoietico (autocreativo), non susceptible de interrupción nin de control. Anteponse presenza a representación, corpo a personaxe, inmediatez e autenticidade, ao metarrelato. Para o antropólogo Richard Schechner, a performance, coma o xogo, caracterízase pola ordenación especial do tempo, polo valor peculiar conferido aos obxectos, pola non produtividade en termos de “bens” e pola existencia de regras.

Existe unha serie de características comúns a todas as variantes imaxinábeis de poesía performativa:

- dilúense as fronteiras entre códigos (visual, sonoro, textual...), entre soportes (o propio corpo, o texto impreso, a rede, formatos audiovisuais, fotográficos, musicais ou das artes plásticas, a instalación, o “cómic”, o teatro...) e mesmo entre xéneros (poesía, narrativa, ensaio, drama...), dialogando entre si para aproveitar todas as potencialidades expresivas.

- non se presenta unha idea unívoca de suxeito (identidade fixa, sexuada, marcada pola raza ou a clase... Ou si, mais de xeito estratéxico, e neste sentido as poetas teñen traballado longo e tendido a reivindicación feminista a través da reafirmación do corpo), nin tampouco de autoría, senón que se amosan suxeitos escindidos, contraditorios, e moitas veces unha polifonía que apela a como se nos constrúe socialmente, á colectividade. A intertextualidade e o diálogo coa tradición, sexa para recuperala ou para renegar dela, están adoito presentes.

- a relación co AQUÍ e AGORA é fundamental, co momento presente, co que está acontecendo, e co público, que xa non é entendido como audiencia pasiva.

- Todo está impregnado de certo carácter transgresor, de querer saír por fóra do canon, do *DoItYourself* (faiño ti mesmo/a), construír os nosos propios discursos e transmitilos a través das nosas propias canles.

Proposta de actividade

Este é o traballo máis “reflexivo” e menos creativo, se cadra, dos que vos propoñemos, pero ao mellor pode ser unha incitación a probardes a poesía performativa... Quen sabe? Tedes que facer un comentario de texto performativo. Pode tratarse de calquera das propostas do **Alguén que respira!** ou de performances que non parten de elementos poéticos senón de premisas plásticas, como por exemplo os traballos de Esther Ferrer, Marina Abramovic ou Félix Fernández, este último invitado ao festival.

- En canles de Vimeo coma a das Candongas do Quirombo, que integran Andrea Nunes Brións e Raquel Rei (<https://vimeo.com/ascandongas>) ou de YouTube, como a de Cintaadhesiva , que integran a poeta Silvia Penas, o músico Jesús Andrés Tejada e a creadora audiovisual Area Erina (<https://www.youtube.com/channel/UCj9zo08ZRxtnAaaTnvs0CWQ/videos>)
- A páxina de poesía de acción e visual da Corporación Semiótica Galega, COSEGA (<http://www.cosega.org/>).
- A obra de teatro *A follá máis alta* (<https://vimeo.com/37182086>), de Berrobambán, elaborada a partir do poemario Contatrás II-I, de Paula Carballeira.
- Podes dar unha volta pola web de El Niño de Elche, que pasou tamén pola primeira edición do festival, Antoloxía del Cante Flamenco Heterodoxo (<http://antologiadelcanteflamencoheterodoxo.com/>), e atoparás moito material moi interesante.
- Ou pola de Estíbaliz Espinosa, que transita polos territorios fronteirizos entre a poesía, a música e a ciencia: <https://estibalizespinosa.com/>.

Temos que entender a obra poética máis alá que como texto escrito, novamente, índole á raíz etimolóxica: como “textura”, como tramado onde se entrecruzan o visual, o auditivo, o índolle...

- Como recita o/a poeta, a súa linguaxe corporal, a súa proxemia e a súa prosodia, que recursos emprega... Como son música, vídeo, proxeccións de fotografías, recursos teatrais, manipulación de obxectos?
- Como é a súa relación co público, hai interacción ou non con el, como se desenvolve esta?
- Con que códigos xoga? Con que referentes? Que significado pensas que achega?

Felix Fernández



Conclusión e posíbel avaliación

Con esta unidade didáctica quixemos aproximarnos ao fenómeno poético como potencialidade expresiva, como ferramenta para o alumnado de Bacharelato. Non só para reforzar as competencias lingüística e literaria, a relacionada coas expresións culturais e o patrimonio ou a social e cívica: indo máis alá, queríamos dotar o alumnado de impulsos que o motiven a achegarse á poesía como unha estratexia para a expresión e para a vida.

Agora cómpre saber se serviu dalgunha forma para este propósito.

Poderíamos establecer unha serie de estándares de aprendizaxe e un cadro ou táboa onde confirmar se foron satisfeitos ou non, mais preferimos, unha vez máis, que escribades: elaborade o voso propio texto. Valorade a vosa experiencia en **Alguén que respira**. Podedes guiarnos (ou non) por estes parámetros:

- A proposta é diversa, representativa de varios estilos e interesante?
- Resultou de interese para a túa formación académica, e para a vida?
- A proposta didáctica resultouche atractiva?
- Doadada de comprender?
- Estimulou novas buscas e actividades?
- Que botaches en falta?
- E o contrario: que che sobrou?
- Que modificarías?
- Dirías que modificou algo na túa relación coa poesía? Que, poñéndonos performativos/as, "aconteceu algo"?

Agardamos que **Alguén que respira!** teña servido para transformar algo na vosa relación coa poesía. Que achegase algo de osíxeno á vosa formación.



O brindeiro de Antonio Ríos



Colectivo Ronseltz



Marina Abramovic

Bibliografía:

Álvarez Lobariñas, Xosé Bieito, "Breve aproximación ao feito cultural da regueifa", en X. Antón Fidalgo Santamariña, Xosé Manuel Cid Fernández, Mariló Fernández Senra e Xulio Fernández Senra (coords.) *Patrimonio etnográfico galego II*, Ourense: Raigame, 2009, 179-192.

Austin, John Langshaw, *Cómo hacer cosas con palabras. Palabras y acciones [How to Do Things with Words, 1962]*, compilado por James Opie Urmson, tradución ao castelán de Eduardo A. Rabossi e Genaro R. Carrió, Barcelona: Paidós, 1988.

Baraka, Amiri, "The Black Arts Movement" [1968] en William J. Harris (ed.) *The LeRoi Jones / Amiri Baraka Reader*, Nova York: Thunder's Mouth Press, 2000, 495-505.

Butler, Judith, *Excitable Speech: A Politics of the Performative*, Londres: Routledge, 1997.

Castro, Rosalía de, *Cantares gallegos* [1863], prólogo, estudo introdutorio e edición de Anxo Angueira, Vigo: Xerais, 2013.

Dolan, Jill, *Utopia in Performance. Finding Hope at the Theater* (2005), Michigan: The University of Michigan Press, 2008.

Dopico, Montse, "Lucía Aldao: «Gústame que a poesía sexa un espazo de autenticidade. Entón o poema debe ser vida ó mesmo tempo que obra»", *Praza Pública*, 11 decembro 2018, accesíbel en <<https://praza.gal/cultura/lucia-aldao-gustame-que-a-poesia-sexa-un-espazo-de-autenticidade-enton-o-poema-debe-ser-vida-o-mesmo-tempo-que-obra>>, [consulta: 11 febreiro 2018].

Equipo Glifo, *Diccionario de termos literarios*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, accesíbel en <<http://www.cirp.gal/pls/bdo2/f?p=106:1:5430603533557113013::NO>>, [consulta: 20 novembro 2018-31 xaneiro 2018]

Fernández Campos, Leo, "Cultura urbana", en Berrobambán, *Unidade didáctica "Pressing Catch"*, 2009 [cedido pola compañía, antigamente en liña, mais perdido a 2019].

Fischer-Lichte, Erika, *Estética de lo performativo*, Madrid: Abada Editores, 2011.

Foley, John Miles, *How to Read an Oral Poem*, Urbana e Chicago: University of Illinois Press, 2002.

García Teijeiro, Antonio, *Distruir escribindo. A narración e a poesía nas aulas*. Vigo: Galaxia, 1990.

Gräbner, Cornelia, "Performance Poetry. New Languages and New Literary Circuits", *World Literature Today Online*, xaneiro-febreiro 2008.

Gräbner, Cornelia e Arturo Casas (eds.), *Performing Poetry: Body, Place and Rhythm in the Poetry Performance*, Amsterdam e Nova York: Rodopi, 2011.

Jakobson, Roman, "Linguistics and Poetics: Closing Statement", en Thomas Sebeok, *Style in Language*, 1960.

Levin, Samuel R., "Concerning What Kind of Speech Act a Poem Is", en Teun Adrianus van Dijk (ed.), *Pragmatics of Language and Literature*, Nova York: North Holland, 1976, 141-160.

Nogueira Pereira, María Xesús, "La poesía gallega actual. Retrato de familia", *Tropelías. Revista de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada*, 15-17 (2004-2006), 545-463.

Novoneyra, Branca, "Carlos Oroza. La codicia de lo lejano", *Cuadernos Hispanoamericanos*, 732, 2011, 53-57

Obradoiro de lingua Gianni Rodari, *Gramática insubordinada*, Vigo: Xerais, 2004.

Pimentel, Luís, *Obra completa*, edición de María Araceli Herrero Figueroa, Vigo: Galaxia, 2009.

Penas, Silvia e Iolanda Zúñiga, *Poesía ou performance? Dos límites difusos entre a poesía e performance*, Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, IX Ciclo de Mesas Redondas "Escritores/as na Universidade", 5/10/2016, accesíbel en <<https://tv.uvigo.es/video/5b5b75b78f42081a38fa0374>>, [consulta: 31 xaneiro 2019].

Porto Crespo, Marina e Kike Estévez, *Metodoloxía Didáctica do Repente Galego*, Pontevedra: Deputación, 2016.

Rodari, Gianni, *Gramática da fantasía [Grammatica della fantasia, 1973]*, tradución do italiano de Silvia Gaspar, Pontevedra: Kalandraka, 2010.

Searle, John Rogers, Actos de habla. *Ensayo de filosofía del lenguaje* [*Speech Acts: An Essay in the Philosophy of Language*, 1969], tradución ao castelán de Luis M. Valdés Villanueva, Madrid: Cátedra, 1980.

Schechner, Richard, *Performance Theory*, Londres Routledge, 1988.

Suárez, Andrés, *A regueifa*, Vigo: Edicións Castrelos, 1982.

Tarrío Varela, Anxo, *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Xerais, 1994.

Turner, Victor W., *Simbolismo y ritual*, introdución de Ignacio Prado Pastor e Enrique Mayer, Lima: Universidade Pontificia del Perú, 1973.

UNESCO, *Día Mundial de la Poesía*, 21 de marzo, <<http://www.un.org/es/events/poetryday/>>, [consulta: 27 xaneiro 2019].



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Edita: Concello de Santiago

Autora: Lara Rozados

Editor: Antón Lopo

Maquetación: Fátima Pan